



## Prego de Cláusulas Administrativas Anexo II

Para a contratación do desenvolvemento das melloras funcionais requiridas no Sistema Universitario de Xestión da Investigación - Rexistro de Investigadores (SUXI-RI) –  
Versión 3.00

31/05/2012

V. 2012-100

**Código: PA01/2012**

Universidade de Vigo





31/05/2012

V. 2012-100

Código: PA01/2012

Denominación:

- Para a contratación do desenvolvemento das melloras funcionais requiridas no Sistema Universitario de Xestión da Investigación - Rexistro de Investigadores (SUXI-RI) – Versión 3.00.

Unidade Responsable:

- Órgano de Contratación do CIXUG

Obxecto:

- Describir as cláusulas e condicións administrativas que rexerán a contratación do desenvolvemento do Sistema Universitario de Xestión da Investigación - Rexistro de Investigadores (SUXI-RI) – Versión 3.00.

Legislación:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público

## Anexo II

### Follas de especificacións do contrato

#### Prego de cláusulas administrativas particulares. Servizos. Procedemento aberto

1 IDENTIFICACIÓN DO CONTRATO				
1.1	Obxecto do contrato	Describir as cláusulas e condicións administrativas particulares que rexerán a contratación do desenvolvemento do Sistema Universitario de Xestión da Investigación - Rexistro de Investigadores (SUXI-RI) – Versión 3.00.		
1.2	Necesidades que satisfacer	Servizos para o desenvolvemento de melloras detectadas polos grupos de traballo internos na ferramenta informática SUXI, destinada a apoiar a xestión integral da investigación nas tres universidades que forman o Consorcio, melloras definidas no seu módulo de Rexistro de Investigadores (SUXI-RI).		
1.3	Nomenclatura CPA		1.4	Nomenclatura CPV
2 ORZAMENTO E PREZO				
2.1	Importe estimado do contrato (sen IVE)	68.000 €	2.2	IVE estimado do contrato
				12.240 €
	Anualidades (cando proceda)			
	Exercicio	Importe sen IVE	IVE	TOTAL
2.3	2012	68.000,00 €	12.240,00 €	80.240,00 €
3 LOTES				
3.1	Total de lotes	Non aplica		
	Distribución por lotes de gasto			
	Nº de Lote	Importe sen IVE	IVE	TOTAL
3.2				
4 VARIANTES				
	Admite variantes	Non se admiten	Número de variantes	----
	Descrición das variantes	----		
5 PRAZO DE EXECUCIÓN (contado dende a sinatura do contrato)				
5.1	Prazo de execución	6 (seis) meses		
5.2	Posibilidade de prórroga	Non se observa		
5.3	Prazos parciais	Non aplica		
6 REVISIÓN DE PREZOS. ÍNDICE OU FÓRMULA				
6	Non se observa			
7 LUGAR DE PRESTACIÓN DO SERVIZO				
7	Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo			
8 PRAZO DE GARANTÍA MÍNIMO				
8	12 meses			
9 PARTIDA ORZAMENTARIA				
	Orgánica	Funcional	Económica	Denominación
9.1				Proxecto "Desenvolvemento SUXI/RI (Ver. 3.00)

9.2	Financiamento específico		
<b>TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE</b>			
10	Ordinaria	Urxente	Emerxencia
	X		
11	<b>CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN</b>		
	Criterio		Valoración Máxima(%)
	<b>CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA OU SUBJECTIVOS:</b>		
	<b>GRAO DE CALIDADE DA PLANIFICACIÓN DO PROXECTO:</b> Valoración global do plan detallado do proxecto para o desenvolvemento das fases , segundo a descrición e detalle das fases e actividades, segundo as identificadas nos apartados 2, 3 e 4 do prego de prescricións técnicas e incluíndo valoración en horas de cada unha das actividades a desenvolver e establecemento de fitos particulares para cada fase e actividade. Para a valoración deste punto, terase en conta os seguintes aspectos: <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Que o plan presente un grao de detalle suficiente, en iteracións de módulos ou casos de uso, que permita comprobar que efectivamente se realizou dunha forma estudada e realista, incluíndo onde proceda tarefas específicas que completen o mesmo: ata 15 puntos.</li> <li>2. Que o plan detalle un estudo das dependencias entre compoñentes e, en consecuencia, reflecta as dependencias entre traballos que sexan precisas, así como unha secuenciación correcta das iteracións: ata 10 puntos.</li> <li>3. Outras aspectos do plan, tales como diferenciar claramente as diferentes tarefas segundo a súa orientación (análise, desenvolvemento...), os roles e participantes no mesmo, e/ou un análise dos riscos que poden afectar á boa execución do proxecto e as posibles salvagardas a adoptar: ata 5 puntos.</li> </ol>		30
	<b>CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA OU OBXECTIVOS:</b>		
11.1	1. <b>OFERTA ECONÓMICA:</b> Valorarase o importe económico global da oferta, de acordo á seguinte fórmula: $\text{Puntuación Económica} = 55 \times \min \left[ 1; \frac{(\text{Importe Máximo Licitación} - \text{Oferta Económica})}{\text{Importe Máximo Licitación} \times \frac{20}{100}} \right]$ Como reflicte a fórmula, valoraranse en cero ás ofertas que vaian ao importe máximo de licitación e o resto delas proporcionalmente ata o máximo de puntos neste apartado para aquelas ofertas que igualem ou rebaixen nun 20% o importe máximo de licitación, considerándose estas, ao mesmo tempo, como oferta desproporcionada ou anormalmente baixa		55
	2. <b>TEMPO EXTRA DE GARANTÍA:</b> valoraranse en cero ás ofertas que ofrezan o prazo mínimo esixido (1 ano) e o resto delas proporcionalmente ata o máximo de puntos neste apartado para aquela oferta que ofrezca o tempo máximo admitido, que será de 3 anos. $\text{Puntuación Prazo} = 10 \times \left( \frac{\text{Prazo Garantía Ofertado (en anos)} - 1}{2} \right)$ O alcance da garantía pode encontrarse no prego de prescricións técnicas no apartado 4.3 asociados aos servizos.		10
	3. <b>CUSTO DO SOPORTE:</b> Custo do tempo extra de soporte, dispoñible para ser contratado polo CIXUG, unha vez vencido o tempo de garantía ofertado. $\text{Puntuación Soporte} = 5 \times \left[ 1 - \frac{(3 - \text{PGO})}{2} \times \left( \frac{(\text{Prezo Max} - \text{Prezo Ofertado})}{(\text{Prezo Max})} \right) \right]$ Onde: Prezo Ofertado é o prezo anual do soporte da oferta a puntuar, Prezo Max é o prezo anual do soporte máis elevado entre as ofertas presentadas, Prezo Min é o prezo anual de soporte máis económico entre as ofertas presentadas e PGO (Prazo de Garantía Ofertado) é o número de anos de garantía ofertados. Nótese que este prezo só aplica a partir do vencemento do tempo extra de garantía ofertado no apartado anterior. Polo tanto, no caso de ofertar unha extensión de garantía do máximo admitido (3 anos), a oferta recibirá a puntuación máxima tamén neste apartado, ao resultar o custe cero para o tempo máximo considerado de vixencia do soporte. O alcance da garantía pode encontrarse no prego de prescricións técnicas no apartado 4.3 asociados aos servizos.		5
	<b>TOTAL</b>		<b>100</b>

11.2	Órgano cualificador		
	Mesa de contratación		
12	<b>INCENTIVOS</b>		
	Non aplica		
13	<b>PENALIDADES</b>		
	1 € por cada 1.000 € de contrato e día de atraso imputable ao adxudicatario.		
14	<b>CLASIFICACIÓN ESIXIDA</b>		
	Grupo	Subgrupo	Categoría
	Non aplica	---	---
15	<b>SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA (Sistema de acreditación, indicando medio)</b>		
	A solvencia económica e financeira da empresa licitadora poderá acreditarse por algún dos medios seguintes: a) Declaración apropiada dunha entidade financeira emitida para a execución deste contrato ou b) Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais en vigor, cuxas garantías cubran, polo menos, o importe de licitación do presente contrato.		
16	<b>SOLVENCIA TÉCNICA (Sistema de acreditación, indicando medio)</b>		
	A acreditación da solvencia técnica das empresas licitadoras deberán apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, debéndose acreditar, polos seguintes medios: a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos, incluíndo importe, datas e destinatario, público ou privado, dos mesmos, por un importe igual ou superior ao de licitación. Os servizos ou traballos efectuados deberanse acreditar mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, e; cando o destinatario sexa unha entidade privada, mediante un certificado expedido por esta ou, a falta deste, mediante unha declaración do empresario. b) As titulacións académicas e / ou profesionais do persoal da empresa licitadora, que vaia a ser o responsable da execución do contrato.		
17	<b>PERSOAS DE CONTACTO E INFORMACIÓN</b>		
17.1	Aspectos técnicos		
	Teléfono	981 167 000 ext. 5652	
	Correo electrónico	jose.fernandez.lopez@udc.es	
17.2	Aspectos administrativos		
	Teléfono	986 813 880 / 986 467 860	
	Correo electrónico	xerente@cixug.es	
17.3	Páxina web	www.cixug.es	
18	<b>ADSCRICIÓN DE MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS (se procede)</b>		
	Non aplica		
19	<b>RESPONSABLE DO CONTRATO</b>		
	Actuará como responsable do contrato, segundo se regula no artigo 52 do RDL 3/2011, D. José María Fernández López asumindo a supervisión da execución do mesmo e a adopción das decisións e ditado das instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización de aquel, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación lle atribúan.		
20	<b>OBSERVACIÓNS ESPECÍFICAS DO EXPEDIENTE</b>		
20.1	Bases técnicas do contrato		
	As detalladas no Prego de prescricións técnicas de aplicación ao concurso.		
20.2	Gastos de publicidade		
	Os gastos que orixine a publicación, por unha soa vez, do anuncio da presente licitación no Diario Oficial de Galicia, será de conta do adxudicatario sen que poida imputarse ao Cixug ningún pagamento por tal concepto. Custe máximo da publicación: 1000€ (mil euros)		
20.3	Subcontratacións		
	O contratista poderá subcontratar con terceiros a execución parcial do contrato, sempre que o importe		

	<p>total das partes subcontratadas non supere o 50% do que é o traballo propio.</p> <p>As empresas licitadoras deberán indicar na súa oferta a parte do contrato que teña previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome da empresa ou perfil empresarial na que teña previsto subcontratar, definindo por referencia ás condicións de solvencia técnica, dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización.</p> <p>Os subcontratistas non terán en ningún caso acción directa fronte ao CIXUG polas obrigas contraídas con eles polo contratista, como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.</p> <p>En todo caso, a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita aos requisitos establecidos no artigo 227 do TRLCSP e, así mesmo, o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ao disposto no artigo 228 do TRLCSP.</p>
20.4	<p>Habilitación especial do licitador</p> <p>Non aplica.</p>
20.5	<p>Garantía provisional</p> <p>Non se precisa.</p>
20.6	<p>Garantía definitiva do contrato</p> <p>Segundo se regula nos artigo 95 e seguintes do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a empresa adxudicataria deberá constituír, a disposición del órgano de contratación, unha garantía dun 5 por 100 do importe de adxudicación, excluído o IVE, podéndose formalizar segundo as seguintes formas:</p> <p>a) Mediante aval por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España.</p> <p>b) Mediante contrato de seguro de caución cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo.</p>